

CRISE CORONAVIRUS

O tráfico na AP-9 descende un 89% na segunda semana de abril



M. RIOPA | PUNTO GA

Os equipos de Autopistas del Atlántico veñen de desinfectar a totalidade da AP-9 e todas as súas áreas.


▪ Rexistráronse 19.602 vehículos diarios menos que na Semana Santa de 2019

14.04.2020. O tráfico na Autoestrada do Atlántico (AP-9) volveu acadar un novo mínimo histórico na segunda semana de abril pola crise sanitaria do coronavirus, coa circulación de só 2.584 vehículos diarios na semana do 6 ao 12, o que supón un descenso dun 89,22% con respecto a todo o mes de abril do ano pasado. Na Semana Santa (do 5 ao 12 de abril), o tráfico descendeu un 89,26% con respecto ao mesmo período vacacional do 2019, con só 2.359 vehículos ao día.

En comparación con todo o 2019, a Intensidade Media Diaria (IMD) da pasada semana na Autoestrada do Atlántico reduciuse en 21.821 vehículos, un 89,41%

menos. No que vai de estado de alarma (do 16 de marzo ao 12 de abril), a IMD é de 4.007 vehículos diarios, un 83,58% menos que en todo o 2019.

Evolución do tráfico na AP-9
Intensidade Media Diaria (IMD) en todos os tramos



Datos: Autopistas del Atlántico S.A.
*Dato oficial do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana
**Restricción de mobilidade decretada polo Goberno o 14.03.2020

Desinfección total da autoestrada

Os equipos móbiles de Autopistas del Atlántico SA (Audasa) veñen de desinfectar a totalidade da autoestrada AP-9, incluíndo as súas seis áreas de servizo, as tres áreas de descanso e todas as zonas de peaxe. Estas tarefas manteranse diariamente para garantir o reforzo da seguridade da vía, os traballadores da concesionaria e os usuarios. As seis áreas de servizo da AP-9 permanecen abertas no seu horario habitual para que os vehículos poidan repostar. As áreas de Repsol sirven gratuitamente un almuerzo aos transportistas nun espazo habilitado para a restauración.

Audasa, que non levou a cabo medidas de regulación temporal de emprego nin solicitou ningún tipo de compensación gubernamental, continúa a velar polas mellores condicións de calidade e seguridade na autoestrada, co seu persoal de mantemento adicado preferentemente a labores de atención á vialidade invernal, centro de control e seguridade de túneis. Continúan en activo os equipos de obras para reparacións e emerxencias esenciais e os servizos de atención aos clientes e asistencia ao pago nas peaxes cando sexa necesario, e mantéñense a tarxeta bancaria e *contactless* e o sistema de telepeaxe como os sistemas preferentes de pago.